



## PARLAMENTO DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

### **Proposta de adjudicación relativa ao lote 2 da contratación administrativa para a subministración de enerxía eléctrica ao Parlamento de Galicia**

I. O 14 de xuño de 2016, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa para a subministración de enerxía eléctrica, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e por un valor estimado do contrato de 263.000,00 € IVE excluído, de acordo cos seguintes lotes:

lote 1 (punto de subministración edificación A):

- Valor estimado: ..... 260.000,00 €
- Orzamento anual: ..... 130.000,00 €
- IVE: ..... 27.300,00 €
- Total: ..... 157.300,00 €

lote 2 (punto de subministración edificación B):

- Valor estimado: ..... 3.000,00 €
- Orzamento anual: ..... 1.500,00 €
- IVE ..... 315,00 €
- Total: ..... 1.1815,00 €

A Mesa do Parlamento fixou o orzamento de licitación correspondente ao ano de vixencia de contrato en 159.111,00 €, incluído o IVE, e autorizou un gasto para o exercicio de 2016 polos importes seguintes:

lote 1 (punto de subministración edificación A): o gasto correspondente a este lote durante o exercicio de 2016 e que ascende a 52.433,33 €, incluído o IVE, impútase á aplicación 01.01.111B.221.00 do orzamento da Cámara para ese ano.

lote 2 (punto de subministración edificación B): o gasto correspondente a este lote durante o exercicio de 2016 e que ascende 605,00 €, incluído o IVE, impútase á aplicación 01.01.111B.221.00 do orzamento da Cámara de ese ano.

II. Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas foron publicados no BOPG núm. 661, do 17 de xuño de 2016. Os anuncios de licitación foron publicados no DOUE nº S118, de 21 de xuño de 2016 e no BOE nº 159, de 2 de xullo de 2016.

III. Rematado o prazo concedido para presentar ofertas, rexistraron a súa respectiva proposición para o lote 2, segundo consta no certificado expedido polo Servizo de Asistencia Parlamentaria, as seguintes entidades:

- Gas Natural Comercializadora, S.A.
- Aura Energía, S.L.
- EDP Energía, S.L.
- Gesternova, S.A.

IV. Constituída a Mesa de Contratación deste procedemento administrativo, reuniuse, segundo consta nas actas, nas seguintes datas:

- **29 de xullo de 2016:** na que, analizou as proposicións presentadas e comprobou que as empresas presentan a documentación administrativa requirida segundo o establecido na cláusula sexta dos pregos, polo tanto acordou admitilas para continuar no procedemento de contratación.



## PARLAMENTO DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

- **4 de agosto de 2016:** na que se procedeu á apertura pública dos sobres B presentados, posteriormente remitido ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para estudo, análise, avaliación e puntuación.

As ofertas presentadas foron as seguintes:

		Gas Natural Comercializadora, S.A.	Aura Energía, S.L.	EDP Energía, S.L.	Gesternova, S.A.
Termo de potencia (€/kWano)*		46,717035	46,717035	46,717033	46,717168
Termo de enerxía (€/kWh)*	punta	0,079310	0,157750	0,157762	16,47940591
	val	0,059443	0,077021	0,080708	7,390284804
Alugueiro equipo medida		0,81 €			18,00 €

\*Prezos con iva, excluído o IVE

- **29 de setembro de 2016:** A Mesa de Contratación comprobou que, da aplicación dos prezos unitarios por tramos de enerxía e potencia ofrecidos pola empresa Gesternova, S.A., aos consumos do período establecido na prescrición segunda do prego de prescricións técnicas, necesaria para a determinación global da oferta do licitador (segundo o establecido na prescrición terceira), xunto co establecemento no apartado 5 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas do orzamento máximo, superaba amplamente o orzamento máximo, polo que na súa reunión do 29 de setembro de 2016, acordou a súa exclusión do procedemento de contratación.

Da aplicación dos prezos ofertados polas restantes empresas concorrentes, aos criterios de adxudicación resultou a atribución da seguinte puntuación:

Empresa	Termo de potencia	Termo de enerxía	TOTAL PUNTOS
Gas Natural Comercializadora, S.A	80,0000000	19,9999993	99,9999993
Aura Energía, S.L..	75,6478906	19,9999993	95,6478899
EDP Energía, S.L.	75,4242003	20,0000000	95,4242003

Polo tanto, á vista da puntuación obtida a Mesa de Contratación acordou clasificar as ofertas, e proceder ao requirimento da documentación previa á proposta de adxudicación, na seguinte orde:

- 1.º Gas Natural Comercializadora, S.A.
- 2.º Aura Energía, S.L.
- 3.º EDP Energía, S.L.

O día 14 de outubro requiriuse Gas Natural Comercializadora, S.A., a documentación relativa á cláusula décimo primeira dos pregos de cláusulas administrativas xunto coa correspondente para adxudicación do contrato.

- **4 de novembro de 2016:** Rematado o prazo concedido para a presentación da documentación non consta no Rexistro do Parlamento que a empresa Gas Natural Comercializadora, S.A. presentara a documentación, polo que a Mesa de Contratación acordou dala por retirada e requirirlle á empresa Aura Energía, S.L., clasificada en segundo lugar, a documentación da cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas a efectos de proceder, se é o caso, á proposta de adxudicación.



## PARLAMENTO DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

O requirimento foi remitido a Aura Enerxía, S.L., o 4 de novembro de 2016; o 15 de novembro de 2016, a empresa presentou a documentación requirida

- **21 de novembro de 2016:** A Mesa de Contratación avaliou a documentación presentada pola empresa, acordou admitila como válida e suficiente, e proporlle á Mesa do Parlamento a adxudicación do contrato a Aura Enerxía, S.L.

V. En consecuencia, cumpridos os trámites legais e regulamentarios, propónse á Mesa do Parlamento a adopción, unha vez sexa fiscalizado favorablemente por Intervención da Cámara, do seguinte Acordo:

1º.- *Adxudicar o lote 2 (punto de subministración edificación B) do contrato para a subministración de enerxía eléctrica ao Parlamento de Galicia á empresa Aura Enerxía, S.L., polos seguintes importes:*

a. Termo de potencia: expresado en €/kWano		
Prezo con iese, excluído o IVE	46,717035	
IVE (21 %)	9,810577	
Total	56,527612	
b. Termo de enerxía: expresado en €/kWh		
	<i>Punta</i>	<i>Val</i>
Prezo con iese, excluído o IVE	0,157750	0,077021
IVE (21 %)	0,033127	0,016174
Total	0,190877	0,093196
c. Alugueiro de equipo de medida: expresado en €		
Prezo, excluído o IVE	60,00	
IVE (21 %)	12,60	
Total	72,60	

2º.- *Comunicarlles este acordo á empresa adxudicataria, ao resto de licitadores, á Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.*

3º.- *A formalización do contrato, que non poderá realizarse antes dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se remita a notificación da adxudicación a licitador e candidatos.*

4º.- *Publicar a adxudicación e/ou a formalización do contrato no perfil de contratante do Parlamento de Galicia e na publicación oficial que proceda.*

5º.- *Contra este acordo de adxudicación, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse, no prazo de dous meses desde o seguinte a esta notificación, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia conforme ao disposto na lei reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de interpoñer, potestativamente, recurso especial en materia de contratación, no prazo de quince días hábiles desde aquel en que se remita a notificación da adxudicación, segundo o previsto nos artigos 40 e seguintes do TRLCSP.*



**PARLAMENTO  
DE GALICIA**

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

*6º.- De conformidade co disposto no artigo 333.3 da TRLCSP, comunicación, si procede, dos datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do sector público nos termos indicados no RD. 817/2009.*

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2016.

O xefe do servizo

MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA